



PROPOSTA PEDAGOXICA CURSO 2023-2024



INDICE

Comezo dunha nova etapa, facendo escola en EIM LUIS SEOANE.

1-Finalidades educativas

1.1Obxectivos.

2-Estratexias curriculares

3-Actuacións para preparar o inicio

4-Actividades educativas.

5-Actividades ofertadas para o alumnado visitas, saídas

6-Actividades cas familias fóra do espazo escolar.

7-Festas

8-Organización escolar

8.1 Calendario escolar

8.2 O día a día da escola

8.3 A organización do espazo

8.4 Equipo educativo.Distribución tutorial.

9-As familias da escola

10-Anpa

Documentos xerais da escola de información ás familias.

PRESENTACIÓN

A nova localización de EIM MONTEALTO vai determinar algúns dos temas organizativos que estaban anteriormente moi establecidos nos nosos cursos anteriores.

Non hai ningunha dúbida, que o espazo e a localización de recursos e materiais esixe por parte de todo o equipo de persoas que traballamos nesta escola municipal un esforzo maior durante estes meses de novo curso. A capacidade para xestionar o espazo e os recunchos, zonas de experiencia, espazos compartidos etc. son diferentes, polo que temos que emprender, en paralelo cos nenos e nenas un tempo de adaptación ás instalacións compartidas coa EIM LUÍS SEOANE.

É unha experiencia que debemos considerar interesante e que nos permitirá os intercambios de experiencias e o desenvolvemento de actividades nas que dous equipos educativos suman ideas e proposta. O feito, de que ambas escolas sexan municipais e estean situadas no mesmo barrio, facilita a xestión e as referencias contextuais que tanto inciden na toma de decisións do día a día.

Partimos dun barrio común, con espazos xa coñecidos e un ambiente socio-económico e cultural que é propio da escola. Coñecemos os recursos e posibilidades que a cidade e as súas actuacións educativas bríndannos como centros municipais. Por tanto, pensamos que esta oportunidade que se nos brindan, dentro dun marco de provisionalidade, é unha gran oportunidade para aprender en común e facer desta circunstancia un reto fascinante e por tanto positivo. O traballo en equipo amplíase no noso caso, a compartir espazos e recursos entre profesionais da infancia que como no noso caso teñen unha longa traxectoria educativa exemplar.

Neste documento adaptámonos e abrimos unha nova etapa no noso percorrido escolar. Espazos e tempos serán retos de adaptación ás instalacións xa organizada e planificada con criterios diferentes aos nosos.

1- Finalidades educativas.

- Contribuír ao desenvolvemento integral e armónico de nenos e nenas, en toda as súas dimensións: física, emocional, sexual, afectiva, social, cognitiva, e artística dando resposta aos seus intereses, necesidades e inquietudes en función da súa madurez.
- Promover o desenvolvemento da autonomía persoal, o desenvolvemento das súas capacidades emocionais e afectivas, apreciando o valor da singularidade persoal como principio e dereito do neno/a para fomentar a súa autoestima e a adquisición paulatina dunha imaxe positiva de si mesmos.
- Atender ao desenvolvemento das habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión, fomentando a observación e a exploración multisensorial, para a expresión creativa de ideas e emocións.
- Fomentar accións vinculadas coa educación dos coidados, que se distancia do asistencialismo e de concibir a escola como un lugar de conciliación familiar e laboral. Neste coidado o valor da saúde (física, emocional, psíquica...) supoñe o eixo vital do individuo para alcanzar un desenvolvemento adecuado e integral.
- Potenciar o interese pola observación e a exploración multisensorial estimulando a curiosidade por descubrir o que acontece na contorna próxima e cotiá, participando activamente, como cidadáns, e respecto polo patrimonio natural e cultural.
- Garantir a protección física do menor en cada momento do día na escola mediante un acompañamento afectuoso, amable e cariñoso. Facilitando a adquisición progresiva de hábitos saudables que lle permitan ir adquirindo autonomía, seguridade en si mesmo e a adquisición de habilidades.

- Promover a difusión da cultura galega a través da promoción da lingua galega nos diferentes ámbitos da vida escolar.
- Promover a educación en valores a través da proposta curricular ampla en proxectos dirixidos a toda a comunidade educativa na que a familia ten unha participación destacada.
- Desenvolver unha formulación de escola aberta, dirixida á contorna próxima, no que a nosa implicación e participación responde a ofrecer unha función de servizo comprometido e unha oportunidade para visibilizar aos nenos e nenas como membros da sociedade con dereito á participación.
- Intercambiar co equipo educativo de EIM LUIS SEOANE, experiencias e recursos, facendo conxuntamente proxectos vinculados a infancia.
- Aprender a adaptarse e atopar solución ao reto de estar nun espazo diferente ao habitual.
- Diseñar accións dirixidas á infancia no ámbito das ciencias e as artes, tendo como principio destas experiencias o protagonismo do neno e o xogo como actores principais.
- Colaborar coas familias na educación e benestar dos seus fillos/as ofrecendo unha educación aberta en posibilidades de participación, xerando conxuntamente un ambiente agradable de confianza e respecto no que o diálogo e comunicación permanente favoreza o desenvolvemento persoal de todos os membros da comunidade escolar.
- Xerar un ambiente de traballo de equipo referencial e modelo para os nenos e nenas, atopando na conduta de todo o persoal actuacións coherentes e exemplares.

1.1 Obxectivos

- Garantir a diario un ambiente cordial e amable onde os nenos e nenas sentan cómodos, confiados e seguros, tanto nas súas relacións individuais e grupales, así como co grupo de persoas que traballa na escola.
- Acompañar aos nenos e nenas observando os seus avances e peculiaridades co fin de favorecer o desenvolvemento integral desde os primeiros anos, informando as familias dos progresos ou dificultades que poidan ir xurdindo.
- Promover un estilo de convivencia armoniosa e unha forma de resolución de conflitos entre grandes e pequenos, entre educadores e familias, onde as decisións sexan respectuosas con todos e todas.
- Reflexionar ao longo do curso sobre a educación para a igualdade e a prevención da violencia de xénero, realizando propostas dirixidas ás familias a, elaborando recursos didácticos e valorando periodicamente a linguaxe gestual e oral utilizado...
- Dar a coñecer ás familias as nosas liñas de actuación, ampliar os medios de interecambios e comunicación cas familias.
- Responder as necesidades das familias, adaptando e aconsellando os nosos servizos para favorecer a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.
- Favorecer un estilo de vida saudable.
- Potenciar a participación de cada un dos membros do equipo nas actividades e decisións de escola; facendo real o sentimento de grupo e colaboración.
- Promover a formación continua do equipo educativo; ofrecendo información das convocatorias

2- Estratexias curriculares

Dende a formulación dunha educación globalizada orientamos actuacións de carácter transversal relacionadas co próximo e cotiá, e tamén recolleremos ao longo dos meses aquelas que sexan de interese para o conxunto da comunidade escolar.

A flexibilidade e aperturismo é unha parte signifiativa da nosa forma de traballo.

Estarán presentes como eixos da vida escolar os seguintes temas:

A mobilidade: Ir e vir,seguridade vial, os nenos e nenas na rúa, paseos e andainas.Proxectos sobre a mobilidade: A nosa presenza cun espazo familiar no que aprendemos a relacionarnos cos demais. “ Paseniño, paseniño “e “Vou da man”enmárcanse no dereito á mobilidade segura e a presenza dos nenos e nenas polos espazos urbanos e non urbanos.

A saúde: Os coidados e os hábitos de hixiene,descanso,alimentación,equilibrio emocional, son protagonistas cada día, determinan o benestar do menor e permiten que o xogo e as relacións se desenvolvan en ambientes amables e relaxados.Proxectos de Educación para a saúde: como eixo da vida escolar no que as emocións xogan un papel mediador das relacións, o gusto por alimentarse, adquirir habilidades de coidado e hixiene, de protección e prevención como centros de interese.

Os xogos e momentos para establecer relacións,intercambios con obxectos e elementos.A evolución dos escenarios onde o xogo simbólico entra na vida do nenos e nenas.

As linguas: pluralidade.

A sonoridade das palabras e múltiples formas de expresarnos será unha aposta destacada da proposta educativa. A lingua inglesa será escoitada a diario na escola ca finalidade de familiarizarnos con sonidos e expresións xogos e contos que expresan ideas.

A pluralidade cultural e de formas e modos de vida

Fitas de vento, o noso compromiso e actuación en relación coa multiculturalidad e a solidariedade coa edición de recursos musicais e didácticos de intercambio con escolas africanas, vinculado coa educación para a Paz. Novas relacións con ONGs da nosa cidade na que traballan persoas da comunidade educativa.

Cada familia conta polo súa orixe, historia, cultura, lingua etc.. cada ano as familias son diferentes polo que estamos abertas a aprender dos demais a través de invitacións e oportunidades de intercambio.

A elaboración do estratexias para satisfacer e motivar a curiosidade, os primeiros xogos de ciencia, as observación do ceo..

A ciencia e a astronomía, retos de proxectos para adaptar contidos e actuacións que aproximan aos máis pequenos á experimentación con obxectos sinxelos e cotiáns e á contemplación do ceo de día e de noite, e á imaxinación dun universo ao que os museos científicos achégannos de forma maxistral. (A roda, a materia, o son, as formas da natureza, a astronomía “es o meu ceo”)

O proceso de identidade e a socialización.

A educación para a igualdade e a non violencia. A proposta de xogo das “Maletas viaxeiras”

O proxecto compartido ca EIM OS CATIVOS, Os dereitos da infancia, que o curso 22-23 tivo unha boa acollida e que este curso pode medrar en contidos e recursos.

Os escenarios e as persoas das artes.

A linguaxe artística nas súas facetas musicais e plásticas son ingredientes diarios da vida escolar. A relación con músicos e artistas é un eixo fundamental da proposta pedagóxica do noso proxecto.

A música en directo semanal con Félix Arias

As representación de teatro na escola. Caramuxo teatro

A presenza da obra de Luis Seoane na súa faceta literaria e pictórica.

3- Actuacións para o inicio do curso. Información

- Elaboración do documento GUÍA BÁSICA está recollido os aspectos organizativos para familias.
- Información achegada ás familias por correo electrónico antes do comezo do curso, entrevistas individuais das novas familias.
- Reunións informativas realizadas durante o mes de agosto, setembro cas familias que comezan o curso.
- Días de portas abertas ás familias durante o mes de setembro.
- Adaptacións e flexibilidade organizativa e de servizos según acordo cas familias.
- Reunión ca directiva da ANPA TITONGO.

4- Actividades educativas

Mes de setembro- as semanas están adicadas a favorecer que os nenos e nenas atopen un equilibrio e benestar xeral, o recoñecemento das persoas de escola, de espazos, vivenciar os ritmos de actividades e propostas, aceptar de boa forma a chegada á escola e a separación progresiva da familia.

Cada educadora observa e valora os cambios precisos para favorecer este primeiro tempo de escola onde o mundo das emocións conta cun protagonismo moi destacado.

En cada aula xurden estratexias;

Primeiros momentos de actividade grupos tanto en aula como a nivel xeral de escola. Os trapiños e as cancións e fotos son primeiros materiais propios da escola que se utilizan o inicio do curso. Adaptación de entradas e saídas.

Ao comezo do mes de outubro, temos o encontro cas familias para informar das propostas do curso e valorar en conxunto o inicio do mesmo e tomar decisións sobre as aportacións que acheguen á escola en canto organización e atención educativa.

O mes de outubro destaca polo cambios, as celebracións da natureza e os cambios de tempo, horarios etc. fomentan novas actividades que son presentadas xa en situacións de escola (assemblea) na que os proxectos se expoñen en conxunto.

A celebración do outono e as primeiras actividades na horta veciñal abre a portaas actividades complementarias cas familias que se realizarán con prioridade no exterior da escola.

Inicio do proxecto Voz Natura. Inicio da actividade de música. por parte da ANPA.

A partir deste mes se considera que as programacións de aula xa son documentos que guían as actividades diarias aínda que sexan referentes e nunca representen pautas a seguir de forma obrigada.

Cada aula presenta unha proposta de experiencias semanais que están expostas na entrada da escola. Cada cadro responde a programación do grupo e a proposta pedagóxica da escola.

Outubro- novembro

- Proxecto de natureza- medioambiental: Antón, dónde están as amapolas?
- Proxecto Trapiño.
- Proxecto Cuddles- familiarización ca lingua inglesa.
- Biblioteca verde- préstamo semanal en colaboración cas familias.
- Luis Seoane na vida da escola- coñecer a figura de Luis Seoane na vida cultural da nosa comunidade como escritor, artista, e comunicador.

Novembro

- Comezo da actividade na horta da escola e na horta vecinal.
- Dereitos da infancia. Comezo da presentación dos dereitos.
- Fitas de vento e o achegamento a ÁFRICA. (Capulanas)

Decembro

- Eres o meu ceo. Preparación conxunta ca EIM Luis Seoane da celebración do nadal.
- Valoracións do primeiro trimestre.

Xaneiro

- Desenvolvemento da rutina familiar do proxecto de astronomía
- Presentación do proposta de educación vial, paseniño paseniño.

Febreiro

Un tempo determinado polas manifestacións populares da festa de entroido e a súa relación ca vestimenta, música, bailes etc.. A horta conta cúa presenza moi interesante relacionada co entroido e coas sobremesas propias deste tempo.

Os paseos e rutas estarán xa presentes na vida diaria e a súa relación cas

celebracións propias do barrio por estas datas.

Marzo

Achegado sempre a saúde, e de forma moi especial o noso corpo, xa que ca chegada da primavera os cambios da natureza e do corpo son máis visibles.

Medrar e coñecer o corpo e os seus coidados.

Recoñecer e aceptarnos tal e como somos.

Unha nova estación na horta e na contarna.

Preparación dun novo proxecto medioambiental para a convocatoria de Voz Natura do próximo curso.

Valoración do segundo trimestre.

Abril

Un mes cheo de proposta moi adicadas ás sensacións e experimentar de forma plena co descubrimento de novas cousas. A curiosidade por coñecer e facer.

A convocatoria de Ciencia na rúa está pendente para este curso.

Actividade nas hortas, e memoria da experiencia para presentar ao Certamen Voz Natura.

Maio

Un mes cheo de música e letras para celebrar o día das Letra Galegas, que homenaxean a Luisa Villalta.

As actividades de expresión artística e a preparación das visitas ao Museo de Belas Artes definen un tempo cheo de pintura e expresión visual.

Xuño

A actividade da escola xa está determinada polos cambios que chegan ca fin de curso, os nenos e nenas andan a saber que outro cole de maiores está próximo.

A visita a casa dos peixes e o remate da actividade na horta vecinal determinan este tempo do curso.

Preparación da festa e despedida do grupo 2-3 anos.

Valoracións finais de curso.

Xullo

É o tempo de balance do curso e dos preparativos dun novo encontro cas familias de novo alumnado.

O verán está presente na vida da escola con máis presenza no exterior.

Agosto

Un mes de vacacións e de preparación administrativa para un novo curso.

5-Actividades programadas para facer fóra escola.

A visita didáctica organizadas pola escola e vinculada cos contidos dos proxectos.

- Casa das Ciencias.Planetario- no mes de xaneiro
- Casa do Home- no mes de marzo
- Casa dos peixes- no mes de xuño.
- Museo de Belas Artes
- Bombeiros
- Paseos polo barrio e rúas preto da escola. Grupo Ancas.
- Os parruliños van pola rúa- Policia Local.
- Paseos e andainas co proxecto de mobilidade.

Serán engadidas novas saídas e actividades según a oferta de posibilidades que dende o equipo consideremos. Todas as saídas son coñecidas polas familias, aprobadas polo consello escolar e autorizadas por cada familia.

PROPOSTA PEDAGOXICA CURSO 2022-23

6-Actividades cas familias fóra do espazo escolar.

Horta escolar semanal no horario de tarde (despois das 17h.)grupo de traballo colaborativo Escola na horta.

Saídas e visitas a outras hortas da cidade.

Paseos polas rúas do barrio. Grupo Ancas de seguridade vial.

Festas e celebracións na horta vecinal. Enccontros.

7-Festas e celebracións .

Outono, inverno e primavera. Estas celebracións están relacionadas cos cambios naturais que son evidentes e visibles e obrigan aos cambios de rutinas na vida diaria.

Este curso a festa de outono ou Magosto será unha proposta conxunta ca EIM LUIS SEOANE. Adicaremos unha semana de celebración na que se compartirán actividades entra ambas escolas.

A música, os contos, a degustación de produtos do outono, etc..son parte das actividades. O teatro estará presente ca representación do grupo CARAMUXO da obra Zapatos o venres 31 de outubro.

Nadal, Entroido e Letras galegas,son festas culturais e achegadas a nosa de vivir estas datas que son moi especiais na nosa comunidade

San Xoan.festa local que determina o comezo do verano e un cambio de costumes e organización escolar.

Cada festa conta cunha proposta didáctica que está adaptada aos nenos e nenas da escola procurando favorecer a participación de todos e todas.

O tempo do curso escolar remata ca festa de despedida do grupo de 2-3 anos. A chamada festa fin de curso chega no mes xullo.**escolar**

8-Organización escolar.

8.1 Calendario escolar curso 2023-24

O curso dará comezo o día 6 de setembro, no caso de EIM MONTEALTO, por razóns de traslado e obras na escola EIM LUIS SEOANE, o comezo foi o día 11 de setembro de 2023 e finalizará o 31 de xullo de 2024.

Os centros permanecerán abertos de luns a venres exceptuando os seguintes días non lectivos:

Ano 2023

- 12 de outubro: Día do Pilar
- 1 de novembro: Día de Todos os Santos
- 6 de decembro: Día da Constitución
- 7 de decembro: Día do Ensino
- 8 de decembro: Día da Inmaculada Concepción
- 25 de decembro: Nadal

Ano 2024

- 1 de xaneiro: Ano novo
- 12 e 13 de febreiro: Entroido
- 28 e 29 de marzo: Xoves e Venres Santo
- 1 de maio: Día do Traballo
- 17 de maio: Día das Letras Galegas
- 24 de xuño: San Xoán
- 25 de xullo: Día da Patria Galega

Poderanse establecer servizos mínimos durante as vacacións escolares de Nadal, Entroido, Semana Santa e verán (a partir do 1 de xullo, data incluída). Os servizos mínimos comprenden as oito horas do horario escolar e o servizo comedor.

8.2-O día a día na escola:

Consideramos que o horario que establecemos é o máis adecuado para prestar atención aos nenos e nenas, atendendo á demanda que se vén facendo para facilitar a conciliación laboral das familias. Durante o tempo de escola altermáanse momentos de descanso, xogo, alimentación, hixiene, atención que veñen sendo os eixos que nos marcan a distribución da xornada.

O persoal da escola, tanto o educativo como o de servizos, terá a súa propia distribución de tarefas, orientada a garantir o óptimo funcionamento da escola.

Ç

7-7:55H: Apertura da escola. A función do persoal da escola é a de acondicionar o centro para recibir ao alumnado que vai chegando, creando un clima agradable, preparando os primeiros almorzos e recollendo a información enviada por correo electrónico ou chamadas das familias sobre cambios horarios, servizos etc. Primeiras entradas previstas no mes de outubro.

8:00h: A chegada e primeiros recibimentos, son momentos de tranquilidade onde o ambiente é sosegado e as entradas son paulatinas. Tempo para saudar e compartir información do pequeno/a ca familia. Cada neno e nena pode prolongar o descanso, almorzar ou comezar cos primeiros xogos espontáneos e relacións.

9:00hs Dende este momento ata as 9:15h é tempo de entrada. As educadoras e educadores son as que reciben directamente o alumnado na entrada. O recibimento e a acollida na escola é moi importante xa que é ese primeiro contacto que marca de maneira significativa o resto da xornada. É o momento para o saúdo individual, para que se sintan especiais e esperados. É o momento para o intercambio coa familia, para transmitir seguridade e confianza. Cada neno ou nena que vai entrando recíbese de forma especial.

9:30h Iniciamos a xornada na aula, as actividades cotiás. Este momento está cheo de motivación, asombro e entusiasmo e resulta moi importante no día a día da escola. É un tempo onde se xoga coas fotos, coas expresións, coas emocións e que cada un é protagonista. Cada persoa é mirada, saudada, sorrímoslle e esta expresa como se sinte, cantamos ou recitamos a canción adicada a cada un/ha. Tamén lembramos os nenos e nenas que non viñeron. Ao avanzar, sinalamos a importancia de observar o que pasa fóra, miramos pola fiestra, observamos o ceo, o vento, como está a fiestra. Danse as primeiras propostas de actividade grupal.

11:00h É o momento habitual de cambio de dinámicas según vaia a mañá. Teñen lugar tamén os almorzos de media mañá.

11:30h Actividades e xogos.

12:30h Son os momentos para rematar algunhas das accións emprendidas. A preparación para o encontro cas familias dos nenos e nenas que marchan da escola, e, para outros, para ir ao comedor. Iníciase o tempo de comedor nos grupos das aulas 2 e aula 3. É o momento de preparación para a alimentación (rutinas de hixiene, colocación de mandilóns, coñecer o que imos comer).

12:45h Momento de saídas do grupo dos primeiros meses e 1-2 anos.

12:45h Ten lugar o comezo do comedor do grupo de 1-2 anos .

13:00h Continúase coas saídas e encontro coas familias do grupo de 2-3 anos.

13:00h Comeza o turno de comedor do grupo 2-3 anos

13:30h a 14:00h Organízase o grupo de saída. Preparación das aulas para o descanso: colocación das cortinas, para baixar a intensidade de luz e colocación das colchonetas e sabas individuais.

Momento de hixiene e aseo persoal.

14:00h Os momentos de descanso. A escola frea a súa actividade, a tranquilidade chega a cada espazo. Comida do persoal en turnos.

15:00h. Saídas. Encontro cas familias na entrada.

15:30h O tempo xeral de descanso vai rematando gradualmente, respectando, na medida das nosas posibilidades, que os nenos desperten por se mesmos.. Hixiene e aseo. Recollida da aula.

16:00h Despedidas e encontro cas familias

17:00h Merendas e despedidase encontros.

8.3- A organización do espazo.

Descrición da distribución de espazos

- Planta baixa: entrada encontro familias, zonas de entrada e saída.
- Planta baixa: sala de usos múltiples.
- Planta baixa: sala de profesorado.
- Corredor de acceso a aulas. Rampa de acceso.

- Aula 1-2
- Aula 2-3

- Zona exterior: patios
- Zona exterior de accesos con espazos de horta escolar e xardín.
- Zona de cociña e comedor
- Servizos persoal- corredor
- Servizos persoal- zona entrada.
- Zona persoal.

Os espazos están a ser recoñecidos e valorados para o seu disfrute nun tempo compartido ca EIM LUIS SEOANE.

A EIM MONTEALTO, conta con aula de 1-2 anos con 13 nenos/as e un aula de 2-3 anos con 20 nenos /as.

Estas dúas aulas están ubicadas unha fronte á outra polo que é posible favorecer o traballo conxunto do persoal.

As zonas comunes compartidas en tempos diferentes son

- Sala de usos múltiples e patios.
- Comedor
- Patios
- Horta / zona axardinada

O persoal conta con espazos en común co equipo de EIM LUIS SEOANE.

- Cociña
- Comedor
- Sala de profesorado
- Aseos
- Zona de persoal

8.4 Organización do equipo educativo.

Juana Toucedo Castro, educadora infantil.

María Jesús Rodríguez Garcia, educadora infantil.

Montserrat Sancho Castro, pedagoga e educadora infantil.

Carmen Méndez Méndez, pedagoga e educadora infantil.

Alba Vázquez (tempo parcial)

Iria Lestón Olveira. (tempo parcial)

Sara Pena López (tempo parcial)

Persoal de servizos xerais:

Administración: Paula Martínez Rúa

Personal de Cocina y Servicios: Andrea Sandá Sandá

Dirección de la escuela y coordinadora del equipo educativo Montserrat Sancho Castro.

Educador/a para sustitucións y apoio

Iria Lestón Olveira

Sara Pena López

Alba Vázquez

Profesorado Anpa Félix Arias

Acción Tutorial.

As tutorías si son feitas sempre que as familias as solicitan de forma presencial:

Son reunións da familia coas educadoras da escola para tratar temas relacionados coa evolución e desenvolvemento dos seus fillos nas actividades da escola.

Realízanse previa petición dos pais ou ben se solicitan pola educadora aos pais.

Non hai un horario establecido para as mesmas, xa que se tenta que tanto os pais como as educadoras póñanse de acordo co día e hora moi adecuada; fóra do tempo de actividades.

O grupo de educadoras polas circunstancias de este curso están distribuídas da seguinte forma:

Tutora grupo 1-2 anos: María Jesús Rodríguez García.

Apoio Iria Lestón Olveira.

Tutoras grupo 2-3 anos: Juana Toucedo Castro

Carmen Méndez Méndez.

Directora da escola, coordinadora do equipo e substitucións: Montserrat Sancho Castro

9-AS FAMILIAS

Reunións informativas

Son aqueles encontros nos que se convoca a un sector dos pais ou a todos eles para tratar temas de interese: por exemplo, o inicio do control de esfínteres, o comezo de actividades puntuais que se van a iniciar na escola etc.

Reunións previas ao comezo do curso: mes de xullo, agosto e setembro.

Entrevistas previas ao comezo do curso: mes de xullo, agosto e setembro.

- Primeira reunión: outubro
- Segunda reunión: xaneiro
- Última reunión: maio

Obxectivos coas familias:

Fomentar entre os pais e nais a idea de que a escola se fai entre todos, ofrecéndolles propostas puntuais para participar cos seus fillos/as nas actividades escolares.

Promover o desenvolvemento de actividades de colaboración: pequenos talleres, actuacións, Nas que a familia e a escola atopen intereses comúns.

Facilitar a información e o encontro entre a familia e as educadoras, mediante as tutorías, charlas... Mantendo o clima de confianza e cordialidade que sempre foron protagonistas desta relación.

Informar, e facer cumprir as normas de organización da escola, que favorecenta aos nenos/as como á actividade diaria. Informar do RRI e facilitar a súa consulta.

Colaborar coas familias na educación e benestar dos seus fillos/as ofrecendo información periódica ás familias sobre o progreso e o ritmo de aprendizaxe doseu fillo, utilizando canles diferentes de información e situacións (informe ou charla) para pór en común conxuntamente o progreso, os problemas e situacións que afectan os nenos/as.

Fomentar o asociacionismo como elemento propiciador da vida escolar.

Ter en conta a opinión e as suxestións das familias para mellorar a organización escolar. Instalar unha caixa de correos de suxestións na entrada do centro.

Transmitir e manter ás familias informadas a través do blog da escola

10- ANPA TITONGO

Titongo es el nombre de la Asociación de madres y padres de la escuela que a lo largo de muchos años ha colaborado de forma muy cercana con la vida diaria del centro y con su proyecto educativo.

Fruto de esta cooperación surge hace años el apoyo a organizar y financiar las actividades de música e inglés. A través de cuotas anuales un grupo de familias pagan los gastos del profesorado que complementa las actividades que bien el concello o la propia escuela organizan.

- Félix Arias es el profesor de música. Martes a partir das 10:00h.

Escola Infantil Municipal Monte Alto

Guía básica

CURSO 2023-2024



1. Calendario escolar
2. Horario escolar
3. Tarifas de los servicios complementarios
4. Mirando por la seguridad
5. Que tenemos que tener en la escola
6. Cosas de todos y todas
7. El día de traer. El día de llevar
8. Conocer, contar y compartir
9. Documentos interesantes para consultar



Diseño para la escola de Giovanna Lopalco @pelodicanne



2. Horario de la escuela

HORARIO DE LA ESCUELA: 07:00 - 17:00 h.

Es necesario un compromiso por inscripción mensual durante todo el curso escolar para los horarios de 07:00-08:00 h. y de 16:00-17:00 h.

Horario de merienda: 16:20 h.

El **servicio de merienda es obligatorio** para todo el alumnado que queda de 16:00-17:00 h. en la escuela

APERTURA DESDE LAS 07:00 h.

ENTRADAS LIBRES DE 08:00 a 08:50 h. Para los almuerzos es preciso **llegar antes de las 08:20 h.**

Entrada de los grupos de 09:00 a 09:30 h.

SALIDA PRIMERA

A las 12:45 h. (obligatorio para niños/as sin comedor grupo 1-2 años y aula de primeros meses)

A la 13:00 h. para el grupo de mayores del Cachocole (grupo 2-3 años).

SALIDAS POSTERIORES

- De 14:45 a 14:55 h.
- De 15:45 a 15:55 h.
- A las 16:55 h.

CIERRE DE LA ESCUELA A LAS 17:00 h.

E.I.M. Monte Alto Curso 2023-2024

1. CALENDARIO DEL CURSO

Comenzará el curso el **11 de septiembre de 2023**

PUERTAS ABERTAS (organización especial en sesión de mañana): 6 de septiembre

Comienzo el día 13 de septiembre con normalidad de horarios y servicios

Ofreceremos una orientación para estos primeros días para aquellas familias que consideren mejor hacer unha jornada reducida. Cada familia decide, junto con la educadora, la forma de orientar estos primeros momentos que no cuentan con la presencia de padres y madres en las aulas

SERVICIOS MÍNIMOS

Pueden establecerse servicios mínimos durante las vacaciones escolares de Navidad, Carnaval, Semana Santa y verano (a partir del 1 de julio)

LA ESCUELA ESTARÁ ABIERTA DE LUNES A VIERNES DURANTE TODO EL AÑO EXCEPTUANDO LAS SIGUIENTES FECHAS:

- Lunes y martes de Carnaval
- Día de la Enseñanza, según información de la Consellería (pendiente de confirmar)
- Festivos oficiales (local, autonómico y estatal)
- Jueves y Viernes Santo
- Mes de agosto



Guía
básica

3. TARIFAS DE LOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

Inicialmente destinado a establecer grupos estables, aunque una vez superado el inicio del curso se pueden solicitar servicios por día en lo referente a alimentación

COSTES



DESAYUNO

15,39 €/mes

por desayuno

- Desayuno primera hora (08:00-08:30 h.)
- Desayuno media mañana (11:00 h.)



COMIDA

74,05 €/mes

Por días sueltos 4,23 €/mes



MERIENDAS

25,39 €/mes

➤ **AMPLIACIÓN DE JORNADA:** por cada hora de ampliación 21,16 € por cada h./mes

E.I.M. Monte Alto Curso 2023-2024

4. Mirando por la seguridad

Por razones de seguridad e higiene los niños/as no traerán a la escuela juguetes, cuentos, monedas, pins, cadenas, pulseras o pequeñas piezas y objetos.

La norma ya estaba contemplada antes de la situación que estamos a vivir y que ahora obliga que las personas responsables de los menores sean mucho más cuidadosas con los complementos en la ropa y con los objetos de pertenencia personal.

Es complicado pensar en dejar fuera de las escuelas los objetos personales de apego, pero es necesario que lo hagamos así.

Para que la despedida o separación inicial no sea más complicada, es importante que tengáis presente esta situación por lo que será mejor separar desde la casa, la calle, etc. estos objetos antes de entrar en la escuela.



E.I.M. Monte Alto Curso 2023-2024

6. Cosas de todos y todas



Desde hace tiempo la escuela promueve el uso colectivo de aquellos elementos relacionados con momentos que son compartidos. Hablamos del desayuno, comida y descanso. Estos momentos precisan de piezas de ropa tales como sábanas, mandilones, baberos, etc. que forman parte de la comunidad escolar y que facilitan la organización y reducen los gastos que habitualmente se tienen al comienzo del curso.

Las donaciones, las aportaciones del ANPA Titongo, las pertenencias de la escuela forman una dotación de materiales que se ofrecen para su uso individual a lo largo del curso y que promueven una forma de sentirnos responsables de bienes colectivos tan sencillos como un simple babero.

Cada niño/a cuenta con una dotación individual de sábanas (2 sábanas para los niños/as de primeros meses y 2 sábanas para el grupo de descanso de aula 1-2 años y de 2-3 años). Estas sábanas están identificadas con una tela personal ("trapiño"). Cada "trapiño" es otorgado al inicio del curso escolar.

Cada familia será responsable del lavado de la sábana semanalmente, llevándola el viernes para casa. Tendrá que volver limpia y guardada en una bolsa con el nombre del niño/a.

Los mandilones y baberos son lavados y secados a través de una empresa de lavandería que está llevando un protocolo específico para nosotros. La importancia del lavado a alta temperatura y de un buen secado es imprescindible para mantener las medidas de higiene en la escuela. El coste de la lavandería es compartido entre las familias y la escuela a través del ANPA TITONGO.

ES IMPORTANTE QUE LAS FAMILIAS VALOREIS EL PAPEL Y FACILIDADES QUE LA ANPA TITONGO LLEVA ADELANTE. ENTRE ELLAS LA ACTIVIDAD DE MÚSICA SEMANAL, ASÍ COMO EL LAVADO Y SECADO DE PRENDAS DE USO ESCOLAR

E.I.M. Monte Alto Curso 2023-2024

5. Que tenemos que tener en la escuela

Leyenda:  No son necesarios inicialmente

QUÉ TENEMOS QUE TENER EN LA ESCUELA	Baberos	Mudas completas Marcadas	Chupetes marcados	Pañales	Toallitas o gasas	Crema cambio pañales	Botella reutilizable marcada (se lava en la escuela)	Biberón Marcado. Otros utensilios	Monodosis Leche y cereales. Con las cantidades medidas en casa	Bolsa plástica con cierre cordón	Calzado
Primeros meses	Gasas (5) Baberos (5)	2 mudas completas	2 chupeteros	Medio paquete	1 paquete	Según uso personal	1 vaso	Según uso personal	Según necesidad personal	2 marcadas con nombre en el exterior	
1-2 años		2 mudas completas	2 chupeteros	Medio paquete	1 paquete	Según uso personal	1 aula 1 comida	Según uso personal	Según necesidad personal	2 marcadas con nombre en el exterior	2 pares 1 par de cambio diario entrada. Otro par de ropa de reserva
2-3 años		2 mudas completas	2 chupeteros	Medio paquete	1 paquete	Según uso personal	1 aula 1 comida			2 marcadas con nombre en el exterior	2 pares 1 par de cambio diario entrada. Otro par de ropa de reserva

E.I.M. Monte Alto Curso 2023-2024

7. EL DÍA DE TRAER, EL DÍA DE LLEVAR

- **EL DÍA DE TRAER:** Lunes o días posteriores a llevar ropa de cambio
- **EL DÍA DE LLEVAR:** viernes o día de cambio de ropa del niño/a

Este curso volvemos a iniciar el uso de bolsas de tela

Ofreceremos a cada familia una **bolsa de CAPULANA**, que llevará la indicación del trapito de vuestra hija/hijo siempre colgando. Es de préstamo. En caso de pérdida deberá reponerse.

Esta bolsa es para llevar y traer con la ropa que sea preciso lavar en casa. Al final de curso quien quiera la puede comprar, por un valor de **5 euros**, para colaborar con las "escolinas" de Mozambique del proyecto **FITAS DE VENTO**.

El uso de esta bolsa de forma regular a lo largo del curso es importante para fortalecer y participar en las propuestas del proyecto educativo que llevamos en la escuela.

E.I.M. Monte Alto Curso 2023-2024



8. Conocer, contar y compartir

Siempre que sea posible haremos una pequeña reunión o entrevista con un miembro de la familia antes de comenzar su asistencia regular a la escuela. En los tres primeros días de septiembre haremos las pendientes.



Convocaremos a través del correo o llamada telefónica.

En este encuentro hablaremos y compartiremos aspectos concretos que faciliten la continuidad entre la casa y la escuela.



E.I.M. Monte Alto Curso 2023-2024

9. DOCUMENTOS PARA CONSULTAR



Documentos interesantes para consultar y conocer el funcionamiento y gestión de las escuelas infantiles municipales

[Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís do Concello da Coruña](#) , publicado en el Boletín Oficial (BOP), nº 33 del 16 de febrero de 2023.

[Regulamento de Réxime interior da Escola Infantil Municipal Monte Alto](#)

LA COMIDA EN LA ESCUELA

Publicaciones en el blog de la escuela

ENLACE: <https://escolainfantilmunicipalmontealto.wordpress.com/>





Monte Alto, una escuela para ti


Escola Infantil Municipal Monte Alto.


O día a día

Distribución dos momentos diarios na escola

 De 7 a 8h. Inicio do tempo escolar. Chegada e encontro (alimentación, descanso, xogo relaxado) aula 1-2 anos/2-3 anos.

 De 8 a 9h. Chegadas,saúdos,según cada neno/a (alimentación-descanso-xogo) aula 1-2/aula 2-3 e zona común da escola para alimentación.Relacións individualizadas e de pequeno grupo.Xogo alternativo.

 De 9 a 9:15h. Chegadas, saúdos,agrupamento para asemblea. Achegamento e familiarización ca lingua inglesa. Aula1-2 anos do grupo 1-2 e 2-3 anos.
Recibimiento e chegada

 De 9:30h a 10:h. Asemblea de escola do grupo 1-2 e 2-3. Proposta de actividade sobre proxecto da escola.

Asemblea: Encontro dos nenos e nenas dos grupos da escola e do equipo educativo diario. Dinámicas de participación dos nenos e nenas entorno a actividade. Música, linguaxe, asociación de imaxes, manipulación de material relacionado ca proposta da escola.Contos e poemas. Baile.Aproximación a lingua inglesa. Sala de usos múltiples/ aula 2-3.

**Momentos de actividade de acordo ca
proposta do grupo de aula
De 10,15h a 12,30h. aproximadamente.**

✳ De 12,30 a 12,45h Preparación do grupo de comedor e do grupo de saída para encontró cas familias. No grupo de primeiros meses actividade de atención individualizada

✳ De 12,45 a 13,30h. Momentos de alimentación na escola no grupo de 1-2 anos e 2-3 anos. Xogo e momentos de actividade no grupo 2-3 anos en espazos como patio ou na propia zona de xantar.

✳ De 13,30 a 14h. Hixiene, aseo, preparación para o tempo de descanso dos grupos 1-2 anos e 2-3 anos

✳ De 14 a 15h. Momentos de descanso e recollida de material. Organización interna do equipo educativo para xantar. Vixilancia do descanso e hixiene.

✳ 15h. Encontro con familias de nenos e nenas que marchan da escola ás 15h.

✳ De 15,40 a 16h. Preparación do grupo de nenos e nenas. Hixiene e aseo. Colocación de materiais para casa. Encontro cas familias que finalizan o tempo da escola.

16h. Encontro con familias de nenos e nenas que finalizan o seu tempo de escolas.

☀ De 16 a 17h. Grupo de nenos e nenas con tempo de xogo e merenda. Actividade en espazos diferentes dependendo da xornada (aula 1-2 ou aula 2-3 anos e zona común ou patio) Encontro cas familias. Remate da xornada escolar.

Momentos de actividade de acordo ca proposta do grupo de aula

Cada grupo de aula desenvolve ao longo da xornada diferentes situacións de aprendizaxe e relación vinculadas a súas necesidades e intereses individuais.

En xeral os tempos dos grupos recollen estes momentos:

Primeiro momento de rutinas de grupo e familiarización ca lingua inglesa grupo 1-2 anos.

Actividades da programación de aula por grupo de idade en espazos diversos da escola.

Actividade de música por grupos os martes pola mañá Almorzos de media mañá. Cambio de dinámicas de grupo. Espazos diferentes: patio, zonas común etc.

Actividades de programación de aula da segunda parte da mañá. Familiarización ca lingua inglesa grupo 2-3 anos.

Momentos de rutinas relacionadas ca alimentación e hixiene

Momentos de despedida do grupo de primeira saída. Situacións previas o tempo de comida. Mandilón e babeiros. O lugar na mesa. A espera. Os cubertos e recibimento da comida.

ACTIVIDADES DE ASEMBLEA

DE ACORDO CA PROPOSTA CURRICULAR, O TEMPO ADICADO A ESTA ACTIVIDADE SERÁ SEMPRE QUE SEXA POSIBLE NUN ESPAZO COMÚN, AULA 2-3 OU ESPAZO DE USOS MÚLTIPLES.

DENDE OUTUBRO A XUÑO, PROGRAMAMOS ACTIVIDADES RELACIONADAS COS PROXECTOS DA ESCOLA.

DE ACORDO CON CADA MOMENTO DO CURSO SERÁN PRESENTADOS NA ENTRADA DA ESCOLA AS FAMILIAS DIARIAMENTE CON EXCEPCIÓN DE DÍAS O CELEBRACIONES QUE NON TEÑAN VINCULADO UN PANEL DE ENTRADA.

Primeiro momento da vida grupal

FAMILIARIZACIÓN DA LINGUA INGLESA A presenza das linguas na escola.

Esta proposta diaria conta ca asistencia durante 120 minutos dunha profesional que se comunica en lingua inglesa e interacciona cas persoas da escola, grandes e pequenos, en inglés.

De acordó ca actividade diaria a súa participación grupal terá dous tempos.

○ grupo xeral, e o grupo de 2-3 anos.

○ grupo xeral sempre estará formado polo grupo 1-2 e 2-3.

A súa presenza é dendo o mes de outubro a xuño.

Este documento elaborado durante o mes de setembro e outubro de 2023, aínda que é un documento flexible onde engadir e mellorar a proposta para este curso.